



ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 5 DE MAIO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

José Luis Ouso Pouso (PP)

Concelleiros:

Maria José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M^a Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M^a Hermo García (PSdG- PSOE)

D. Luis García Gaciño (PSdG- PSOE)

M^a Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M^a Ánxela Franco Pouso (BNG)

Xoán Xosé León Martínez (BNG)

Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **20:05 horas** do día **5 de maio de 2017**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúñese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Ouso Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Tamén asiste a interventora do concello, D^a. M^a Mar Lirola Delgado.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde-Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA.

1.- Aprobación inicial dos Orzamentos Xerais do concello para o ano 2017.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

1. APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO PARA O ANO 2017.

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, que é do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Unha vez que está confeccionados os Orzamentos Xerais do concello para o exercicio 2017 así como toda a documentación que o integra, de acordo co previsto no artigo 166 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, corresponde iniciar a súa tramitación para a súa aprobación e entrada en vigor.

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos dos seus orzamentos. De acordo coa Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales "a valoración do cumprimento do obxectivo da regra de gasto verificarase con motivo do informe trimestral á execución do Orzamento, estimando o cumprimento da regra do gasto á liquidación, peron non con ocasión da aprobación do Orzamento Xeral".

Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o exercicio de 2017, así como toda a documentación e anexos que componen o expediente, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Descripción	CRÉDITOS INICIAIS 2017 (€)
1	Gastos de persoal	2.089.274,27
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.813.524,56
3	Gastos financeiros	43.073,75
4	Transferencias correntes	738.288,35
	Gastos correntes	5.684.160,93
6	Investimentos reais	2.150.107,02
7	Transferencias de capital	9.000,00
	Gastos de capital non financeiros	2.159.107,02
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	332.988,20
	Gastos financeiros	363.038,20
	Gastos totais	8.206.306,30



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfn: 981-867412
Fax: 981-767358

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Descripción	PREVISÓNS INICIAIS 2017 (€)
1	Impostos directos	1.904.798,67
2	Impostos indirectos	82.700,00
3	Taxas e outros ingresos	1.702.867,41
4	Transferencias correntes	2.752.375,85
5	Ingresos patrimoniais	47.132,64
	Ingresos correntes	6.489.874,57
6	Alleamento de investimentos	0,00
7	Transferencias de capital	1.326.390,25
	Gastos de capital non financeiros	1.326.390,25
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	359.991,44
	Ingresos financeiros	390.041,44
	Ingresos totais	8.206.306,30

SEGUNDO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Porto do Son para o ano 2017.

TERCEIRO.- Aprobar as bases de execución dos Orzamentos Xerais para o exercicio 2017.

CUARTO.- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 820.981,23 €.

QUINTO.- Expor os Orzamentos Xerais e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

En caso de que non se presenten reclamacións o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, procedéndose á publicación, resumida por capítulos, dos Orzamentos Xerais así como do Cadro de Persoal, no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

SEXTO.- Publicar a masa salarial aprobada na sede electrónica da Corporación e no BOP no prazo de 20 días.

SÉTIMO.- Dar conta do informe de avaliación de estabilidade orzamentaria do 28 de abril de 2017 incluído no expediente.

OITAVO.- Aprobar os axustes nas aplicacións orzamentarias de gastos e ingresos afectadas polas incorporacións de remanentes realizadas sobre o Orzamento prorrogado.

Porto do Son, 28 de abril de 2017.

O Alcalde- Presidente,
Asdo.: José Luis Oujo Pouso"

Dª. Josefa Hermo García comeza felicitando ao goberno municipal por traer os Orzamentos ao Pleno no mes de maio, xa que vale máis tarde ca nunca. Tamén lle dá as grazas por ter en conta as propostas do seu grupo, por convocar a sesión o 28 de abril para as 20 horas e por facilitarles a documentación dous días antes. Di que se trata dun abuso da súa maioría absoluta polo grupo de goberno e engade que 13 persoas pensan máis ca 7.

En canto á proposta, a Sra. **Hermo García** di que lle chaman a atención as partidas tiveron que incluirse no ano 2017 xa que no 2016 non tiñan consignación: 15.000 euros para as Festas do Carme, a limpeza do pavillón, a subministración dunha aplicación informática para o Museo Marea por 700 euros e a renovación da web dese museo por 1.900 euros. Engade que tamén lle chaman a atención os gastos por reparación de danos no paseo de Porto do Son, e



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

pregunta se o vehículo que os causou non tiña seguro. Sinala que o exposto é mostra do ben que van as contas.

A voceira socialista gaba que por fin se orzamente a elaboración da relación de postos de traballo, pois dáse cumprimento a unha obriga legal. Doutro lado, sinala que o importe para subvencións é de 0 euros, polo que continuarán a política de darrle a quen o pida.

Conclúe afirmando que lle resultan curiosas as previsións para investimentos, pois na prensa anúncianse uns pero "no papel" recóllense outros.

Dª. Mª Asunción Torres Parada afirma que xa van cinco meses do ano cando se traen os Orzamentos ao Pleno, cando debían presentarse antes do inicio de 2017, e a pesares de que o grupo de goberno dispón de maioría e de que todos os seus concelleiros cobran.

A voceira de Portodos critica o pouco tempo do que dispuxeron, só 3 días, para estudar un expediente tan complexo e que, ademais, comprobaron que non se tiveron en conta as suestións dos grupos da oposición.

A Sra. Torres Parada di que observan irregularidades nos Orzamentos: incrementos de retribucións porriba da marxe legal, consignación de prazas de persoal laboral temporal ou consignación de prazas por contratos inferiores a un ano.

Dª. Mª Ánxela Franco Pouso indica que nos Orzamentos se comproba que se gasta o que non se ten e que non se consignan cousas que se debían recoller. Tamén di que lles chama a atención que se paguen festas en maio ou os incrementos de obra na Praza do Curro de Portosín, cuxo importe está porriba do millón de euros; estas cuestións falan moi mal do goberno municipal, apunta.

A voceira do BNG adianta que vai centrar a súa análise nos investimentos: explica que dos máis de 2 millóns de euros previstos a Deputación da Coruña achega case 1,5 millóns, mentres que a Xunta de Galicia só aporta 84.000 euros. Apunta que son mostras da boa xestión do goberno e que se Deputación usasen os mesmos baremos de reparto do PP na Xunta de Galicia, a situación do concello sería outra moi distinta. En canto aos investimentos financiados pola Xunta de Galicia, 21.000 euros son para a adquisición dunha varredora e o resto para o abastecemento de auga na Igrexa, o que cualifica como moita xestión.

Prosegue a Sra. Franco Pouso detallando que boa parte do emprego que crea o concello vén da Deputación Provincial, como é o caso da limpeza de praias, o servizo de normalización lingüística, o PEL ou os técnicos de turismo; engade que isto mostra que non hai xestión polo goberno municipal. Indica tamén que, a maiores do exposto, a Deputación Provincial tamén subvencioná a carreira Sin-Son ou a campaña da Ría Muros-Noia.

Dª. María Ánxela Franco Pouso afirma que o goberno municipal só vai destinar a investimentos nos centros de saúde 1.113 euros, nos colexios uns 10.000 euros, en instalacións deportivas 604 euros e en emerxencia social só 1.000 euros. Pola contra, en marquesiñas de pedra investiranse máis de 22.000 euros, o que é máis que a suma de todo o indicado, e sen que vise ningunha solicitude á Xunta de Galicia para ese fin. Tamén critica que se invista na adquisición da antiga cámara agraria para logo cederlla ao Ministerio de Interior. Detalla, tamén, que só de xuros pola condena do xulgado no caso de Coiramar se van pagar 7.000 euros.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

A Sra. **Franco Pouso**, respecto ao persoal, indica que pola Intervención se poñen de manifesto irregularidades na estrutura do persoal laboral, e que iso supón unha volta á situación irregular na que están traballando moitos empregados municipais.

Doutro lado, a voceira do BNG indica que se privatizaron os servizos da piscina, do centro de día, o desbroce de camiños, a xestión da auga, o mantemento de xardíns ou a organización da Festa dos Maiores, de xeito que non vai quedar nada sen privatizar.

Continúa sinalando que, a pesares da súa pouca xestión, o equipo de goberno cástalle ao concello 150.000 euros, e non sabe como se lle pode explicar aos veciños ese custo. Conclúe afirmando que non ve motivos para manter eses salarios.

Dª. Mª José Maneiro Quintáns comeza explicando que os presentes son uns Orzamentos equilibrados e cun incremento do 15% respecto aos do ano anterior, o que non é casualidade senón froito da xestión.

Continúa explicando que se incrementan os gastos porque se incrementan os servizos e que se aumentan as previsións de ingresos, sen incrementar tributos, ao mellorar a recadación. No referido ao persoal, indica que se soben os salarios un 1%, tal e como se prevé no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado, e dótanse novas prazas, que enumera a continuación. Tamén apunta que este ano se comezará a traballar na relación de postos de traballo, que é un instrumento fundamental para ordenar os recursos humanos, e que vai permitir solucionar unha situación absolutamente irregular do persoal que herdaron do goberno que os precedeu.

A Sra. **Maneiro Quintáns**, en relación ao manifestado pola Sra. Franco Pouso, explica que gasto social se incrementa en máis de 70.000 euros, ata máis de 922.00 euros e que o gasto en emerxencia social non é de 1.000 euros, senón que esa partida só comprende os investimentos, polo que lle pide que mire a cifra correcta no capítulo de "Gasto corrente". Continúa explicando que tamén se mellorou o servizo de axuda non fogar e se incrementou o gasto nos centros de saúde e nos colexios, polo que lle pide á voceira do BNG que mire ben as partidas e non terxiverse os datos.

Referíndose ás subvencións nominativas, explica que están correctamente reflectidas nas Bases de Execución, onde se contemplan axudas para entidades sociais por 9.000 euros, a entidades deportivas e deportistas por 12.000 euros e a comisións de festas por 30.500 euros.

Continúa detallando que se vai seguir apostando pola organización de obradoiros de emprego, polo servizo de orientación laboral e polas políticas de busca de emprego. No ámbito do urbanismo sinala que se quere desenvolver un urbanismo responsable, logo da aprobación do Plan Xeral, e que para iso se prevé o crédito necesario para aprobar os plans especiais de protección.

Analizando os investimentos, **Dª. María José Maneiro Quintáns** expón superan os 2 millóns de euros e que o saneamento é a principal prioridade do goberno, consignándose actuacións en Noal ou na Ornanda, entre outras. Tamén se vai mellorar o servizo de limpeza viaria coa adquisición de varredoras autopropulsadas e se vaia actuar na mellora de rúas, como na Rúa Atalaia ou en Carballosa. Indica que se vai investir, tamén, en aforro enerxético e na mellora da accesibilidade, tal e como se demostrou co Plan de Accesibilidade. Todo, di, farase cumplindo co principio de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

A Sra. **Maneiro Quintáns** recoñece que os Orzamentos se traen ao Pleno tarde, pero o goberno do que forma parte, polo menos faino, non como aquel no que estaba a Sra. Franco Pouso que aprobaba uns Orzamentos cada 5 anos.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

En canto ás propostas dos grupos da oposición, sinala que a experiencia lles di que nunca chegan e que sempre teñen os mesmos argumentos. Tamén explica que as voceiras dos grupos se queixaron de que se lles dificultou o acceso á información pero a sesión foi convocada en tempo e forma, mentres que algúns dos concelleiros deses grupos non asisten ás comisións informativas e outros dedícanse a falar doutras cousas.

No referido á existencia de facturas sen abonar, menciona que cando accederon ao goberno había 1,4 millóns de euros pendentes de pago desde 2005, e pregúntase se iso non lles parece excesivo ás voceiras dos grupos da oposición.

Continúa indicando que a Sra. **Franco Pouso** presume dos fondos que achega a Deputación Provincial pero cando non estaba nela era un ente innecesario e que había que destruír. Engade que é certo que esa entidade achega cartos, pero porque é a súa obriga e, de todos os xeitos nesta anualidade aporta 145.000 euros menos.

Dª. **María José Maneiro Quintáns** recoñece que unha sentenza condenou ao Concello de Porto do Son a pagarlle unha indemnización á empresa Coiramar, o que foi resultado da boa xestión urbanística do goberno socialista e do BNG, e agradece que a sentenza non estimase totalmente a pretensión de empresa, pois reclamaba 3,5 millóns de euros. Afirma que o concello está hipotecado pola herданza do goberno anterior.

Aludindo ao manifestado acerca dos soldos do goberno municipal, a Sra. Maneiro Quintáns afirma que non se incrementaron con respecto ao gasto do goberno bipartito do PSdG e BNG e que ela, como 1ª Tenente de Alcalde, cobra menos do que percibía a Sra. Franco Pouso.

Para rematar, indica que a voceira do BNG está confundindo a privatización de servizos coa súa contratación.

Dª. **Josefa Hermo García** pregúntalle á Sra. Maneiro Quintáns que significa incrementar ingresos por creación de novas taxas. Tamén sinala que segue a falar de "herdanza recibida" 6 anos despois de acceder ao goberno, polo que deduce que cando rematen o mandato aínda o seguirá facendo.

En relación co cadro de persoal, a voceira do PSdG- PSOE indica que non se contemplan os socorristas, polo que deduce que as praias van carecer deles e recorda que en relación con este asunto o seu grupo pediu xuntanzas en 3 sesións do Pleno.

Aludindo ao manifestado sobre a xestión urbanística no caso da empresa Coiramar, indica que un dos responsables desa xestión foi un socio de goberno do grupo da Sra. Maneiro Quintáns no mandato anterior.

Conclúe preguntando, en relación coas retribucións do goberno municipal, en que empresa o Sr. Alcalde cobraría 40.000 euros.

Dª. **Mª Asunción Torres Parada** di que lle cansa ver como a Sra. Maneiro Quintáns se converteu nunha profesional da mentira e minte sen inmutarse, e que a súa frialdade é exponencial.

A voceira de Portodos sinala que o goberno municipal fala da "herdanza recibida", pero leva 6 anos gobernando. Engade que tiveron que agardar a unha denuncia no Xulgado de Noia para que se corrixise unha irregularidade e pregunta se hai que seguir denunciando para que se corrixe as irregularidades.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Analizando os Orzamentos, a concelleira sinala que hai un incremento de ingresos, pero debido a unha suba de tributos: IBI, ICIO, taxa da auga e ao establecemento de novas taxas. Lamenta que ese incremento non repercuta nunha mellor prestación dos servizos senón nun despilfarro, como gastar 1.600 euros en felicitacións de Nadal ou 3.600 euros en anuncios da carreira Sin-Son.

A Sra. **Torres Parada** afirma que non vale de nada facerlle suxestións ao goberno municipal no Pleno, polo que empregarán as redes sociais.

Remata solicitando que se aclaren os aumentos de obra na Praza do Curro de Portosín, pois trátase dunha obra correctamente orzamentada.

Dª. **Má Ánxela Franco Pouso** aclara que na súa anterior intervención, ao citar cantidades, xa mencionou que se trataba de investimentos. Por outra banda, en canto ao seu labor na Deputación Provincial, considera que é moi beneficiosa para o Concello de Porto do Son, e acerca da desaparición dese tipo de entidades, apunta que o Sr. Dieste, do PP, afirmou que co Plan Único desaparece a Deputación, e é algo do que se aledan.

A voceira do BNG sinala que a Sra. Maneiro Quintáns, na súa intervención, reforçou os argumentos ao citar investimentos que forman parte do Plan Complementario e que se executarán ou non. Ela, di, confórmase con que o goberno municipal cumpra a lei e coloque os carteis das obras que financia a Deputación Provincial, pois estase a enganar aos veciños ao decir que se fan obras que non se fan. Engade que, ademais, o de Porto do Son é dos poucos concellos que pide sempre aprazamentos, como por exemplo, na ampliación do camiño de Tarrío, na que son incapaces de obter a autorización de Patrimonio.

Finaliza a súa intervención afirmando que no goberno do que formou parte cobraban menos soldo a pesares de ter unhas dedicacións totais.

O Sr. **Alcalde- Presidente** pídelle á Sra. Franco Pouso que non faga acusacións e ínstaa a debater sobre os Orzamentos Xerais para rematar con educación, tal e como principiaron.

A Sra. **Franco Pouso** indica que fala de salarios previstos nos Orzamentos, e que non falará da valoración do coche nin do soldo da secretaria persoal do Sr. Alcalde.

Continúa a súa intervención afirmando que se incrementa o IBI e que o goberno municipal non fixo nada para amortecer a suba. Tamén pregunta que importe dos Orzamentos responde á incorporación de remanentes dos Orzamentos anteriores non gastados.

Dª. **Maria Ánxela Franco Pouso** pregunta canto se lle debe á empresa de limpeza e á empresa das escolas deportivas e por que lles din que non presenten facturas neste momento; tamén pregunta por que está facturando a empresa de limpeza dos colexios máis de dous anos. Engade que non vai dicir de quen é esa empresa pero que, nestes intres, as facturas están no caixón.

Dª. **Má José Maneiro Quintáns**, referíndose ao dito pola Sra. Hermo García acerca dos socorristas, indícallle que as subvencións veñen ao longo do ano que cando se concedan se fará unha xeración de crédito como sempre, e afirma que haberá socorristas.

Dirixíndose á Sra. **Torres Parada** dile que lle molestan as verdades que expón. Tamén se dirixe á Sra. Franco Pouso para agradecerlle as achegas da Deputación e o Plan Único, que lle restaron 145.000 euros ao Concello de Porto do Son.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfn: 981-867412
Fax: 981-767358

O Sr. Alcalde- Presidente fai uso da palabra para agradecer o traballo feito pola Concelleira de Facenda e pola Sra. interventora.

Explica que se incrementa o importe dos Orzamentos e tamén os ingresos, pero sen subir os impostos. Di que son uns Orzamentos equilibrados e bons. Recoñece que se trouxeron tarde ao Pleno e que semella que aos grupos da oposición lles molesta que se aproben, pero é o que hai que facer.

O Sr. Alcalde- Presidente, acerca da colaboración dos grupos da oposición, sinala que os teñen chamado para coñecer as súas propostas e a resposta é “propoñede e xa diremos”.

Dª. Josefa Hermo García pretende intervir e o Sr. Alcalde- Presidente advírtea por primeira vez e, tentando intervir de novo, advírtea por segunda vez.

D. Xoán Xosé León Martínez intervén para pedirlle ao Sr. Alcalde que faga o seu discurso pero non minta.

O Sr. Alcalde- Presidente contéstalle ao Sr. León Martínez que o seu grupo puido intervir sen que o interrompesen, polo que lle pide que el actúe do mesmo xeito.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP), con dous (2) votos en contra (2 BNG) e con catro (4) abstencións (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos), polo tanto co quórum da maioría absoluta, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, adopta o seguinte ACORDO:

“Unha vez que está confeccionados os Orzamentos Xerais do concello para o exercicio 2017 así como toda a documentación que o integra, de acordo co previsto no artigo 166 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, corresponde iniciar a súa tramitación para a súa aprobación e entrada en vigor.

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos dos seus orzamentos. De acordo coa Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales “a valoración do cumprimento do obxectivo da regra de gasto verificarase con motivo do informe trimestral á execución do Orzamento, estimando o cumprimento da regra do gasto á liquidación, peron non con ocasión da aprobación do Orzamento Xeral”.

Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o exercicio de 2017, así como toda a documentación e anexos que componen o expediente, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfn: 981-867412
Fax: 981-767358

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Descripción	CRÉDITOS INICIAIS 2017 (€)
1	Gastos de persoal	2.089.274,27
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.813.524,56
3	Gastos financeiros	43.073,75
4	Transferencias correntes	738.288,35
	Gastos correntes	5.684.160,93
6	Investimentos reais	2.150.107,02
7	Transferencias de capital	9.000,00
	Gastos de capital non financeiros	2.159.107,02
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	332.988,20
	Gastos financeiros	363.038,20
	Gastos totais	8.206.306,30

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Descripción	PREVISIÓN INICIAIS 2017 (€)
1	Impostos directos	1.904.798,67
2	Impostos indirectos	82.700,00
3	Taxas e outros ingresos	1.702.867,41
4	Transferencias correntes	2.752.375,85
5	Ingresos patrimoniais	47.132,64
	Ingresos correntes	6.489.874,57
6	Alleamento de investimentos	0,00
7	Transferencias de capital	1.326.390,25
	Gastos de capital non financeiros	1.326.390,25
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	359.991,44
	Ingresos financeiros	390.041,44
	Ingresos totais	8.206.306,30

SEGUNDO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Porto do Son para o ano 2017.

TERCEIRO.- Aprobar as bases de execución dos Orzamentos Xerais para o exercicio 2017.

CUARTO.- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 820.981,23 €.

QUINTO.- Expor os Orzamentos Xerais e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

En caso de que non se presenten reclamacións o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, procedéndose á publicación, resumida por capítulos, dos Orzamentos Xerais así como do Cadro de Persoal, no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

SEXTO.- Publicar a masa salarial aprobada na sede electrónica da Corporación e no BOP no prazo de 20 días.

SÉTIMO.- Dar conta do informe de avaliación de estabilidade orzamentaria do 28 de abril de 2017 incluído no expediente.

OITAVO.- Aprobar os axustes nas aplicacións orzamentarias de gastos e ingresos afectadas polas incorporacións de remanentes realizadas sobre o Orzamento prorrogado."

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **21:05 horas**, do día **5 de maio de 2017**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE

Asdo. José Luis Oujo Pouso.



O SECRETARIO, que dá fe

Asdo. José Manuel González García.

